



## UNIVERSIDADE DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. José M. Da Rocha Álvarez  
 D. Xosé Manuel Cid Fernández  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Henrique Costas González  
 D. Guillermo de Oca Cancela  
 D. José Durany Castrillo  
 D<sup>a</sup>. Iria Estévez González  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D<sup>a</sup>. Xiana Fernández Rodríguez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Gonzalo Marino González  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Alejandro Padín Losada  
 D. Antonio Pena Giménez  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D<sup>a</sup>. Nikole Pérez Mato  
 D. José Pose Blanco  
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Manuel Varela Lafuente  
 D. Manuel Velasco Graña  
 D. Federico Vilas Martín

### DESCULPA A ASISTENCIA

D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. María José Roca Fernández  
 D. Patricio Sánchez Bello

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vinte e catro de novembro de dous mil, ás horas en primeira convocatoria e ás horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O venres, **día 24 de novembro de 2000**, martes, ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar o punto único da orde do día:

#### 1.- Análise da xestión orzamentaria.

En primeiro lugar intervén o Vicerrector de Planificación, Don Xosé M<sup>a</sup> Da Rocha, que fai entrega ós membros da Xunta de Goberno do documento que se xunta á acta como anexo. Explica que tipo de conceptos se deben reflexar nas contas da Universidade. Precisa que é o remanente (diferencia entre crédito total e gasto comprometido). Indica que ó longo destes anos apareceron dous tipos de remanentes: os específicos e os de libre disposición. Explica (ver anexo) cal foi a evolución dos dous remanentes dende o ano 1995 ó ano 1999 así como a distribución do mesmo (centralizado e non centralizado).

Recorda que o orzamento se elabora de acordo coas normas que emanan da administración central ou autonómica. Esas normas non podemos cambialas; o que pode modificarse é a forma de elaborar o presuposto. Podería desconcentrarse a toma de decisións.

Finaliza dicindo que, en todo caso, este debate non debería ser de Xunta de Goberno senón de Comisión Económica.

A continuación se abre un debate.

O profesor Legido considera que é un debate de todos. Di que hai que buscar o equilibrio entre facer as cousas ben e facelas o antes posible. Opina que a Universidade é máis severa e estricta no control que a propia administración. Hai que estudar procedementos de mellora e ter máis flexibilidade.

O Vicerrector de Planificación responde que os retrasos máis graves están na fase que hai entre o inicio da tramitación das facturas e a entrada no Rectorado ( en promedio 2 meses ) xa que dende ese momento se tarda aproximadamente 30 días en pagar a provedores. Concorde co profesor Legido en que hai que buscar procedementos de mellora, pero non na elaboración do presuposto. Hai que estudar medidas de flexibilidade.

A Sra. Estévez pide unha aclaración sobre a partida de subvencións a asociacións.

O profesor Vilas agradece ó Vicerrector de Planificación a súa intervención pero di que non lle interesan os números macro senón o día a día. Considera que hai unha falta de diálogo entre os investigadores e a estrutura administrativa e que sería bo ter máis diálogo do día a día cos xefes de servizo; eso evitaría trabas innecesarias.

O Xerente di que non hai desconfianza dos servizos hacia os investigadores pero a fiscalización é imprescindible. Actualmente se están a fiscalizar a metade dos xustificantes de gasto ( e non o 100%); dos 31.000 xustificantes fiscalizados foron devoltos 2000 para subsanar defectos de varios tipos. Opina que nos estamos movendo na boa dirección, que hai que ver as tendencias. Os efectos, ás veces tardan en percibirse.

O profesor Tojo di que a xestión económica é un punto negro desta Universidade, aínda que non é culpa deste equipo rectoral. Di que no mes de decembro non se tramitan nos Centros nin facturas nin follas de pedimento cando, sin embargo, na Universidade de Santiago si se tramitan.

O Rector di que temos que pedirlle á administración un mellor servizo cada día. Hai que deixar claro cales son os atrancos máis importantes e afrontalos conxuntamente (xestores e investigadores).

O profesor Tojo insiste en que o problema é profundo e non se resolve coa nova Xefatura de Investigación.

O Sr. Pérez sorpréndese de que se estea a falar de procedementos administrativos e non de xestión orzamentaria. Non considera acertado debatir sobre o nivel de eficacia do PAS. Di que hai descoñecemento do xestor sobre o investigador pero tamén o revés.

A Sra. Corbacho se queixa de que as Delegacións de Alumnos non poden tramitar gastos dende o 13 de novembro.

O profesor Durany recorda que a orde do día é a xestión orzamentaria e, sin embargo, o debate xira en torno á xestión do día a día e, casi absolutamente á xestión de proxectos de investigación. Di que non sempre os investigadores facemos perfectamente as cousas. A Xunta de Goberno non é o foro para entrar nos detalles. Debemos propor medidas xerais. Termina dicindo que, a nivel global, están claras as cifras explicadas polo Vicerrector de Planificación.

O profesor Varela di que as explicacións aclararon as cousas. As cuestións demandadas na anterior Xunta de Goberno tiveron hoxe resposta.

Opina que, en efecto, hai un problema que é necesario afrontar. Considera moi positiva a idea do equipo económico en investigación xa que supón mais cercanía e profesionalización e sitúa o problema nunha dimensión máis adecuada.

Di que reconece que ten que haber un control pero que os equipos de investigación necesitan asesoramento. Hai que estudar medidas como adscribir un PAS ós equipos, deixar marxe de manobra ós equipos ou estudar incentivos para os equipos.

O profesor Martínez Peñalver di que non foron explicados os remanentes de tesourería e as amortizacións do ano 1999.

O Sr. Xerente, Don Julio Taboada Pérez, e o Vicerrector, Don José María da Rocha Álvarez, responden ó profesor Martínez Peñalver.

O profesor Pose di que hai que aceptar que existen problemas de xestión. Manifesta o seu desacordo co procedemento para aprobar a liquidación do orzamento do ano 1999. Di que debemos preguntarnos cómo conseguir máis ingresos , cómo gastar eses ingresos de forma máis eficiente e cómo decidir o gasto.

O Sr. Fernández Cruz opina que o debate estase enfocando mal. Di que non hai que confundir pagar con gastar e que a ningún responsable de Asuntos Económicos lle gusta devolver unha factura.

A Sra. Alonso Escontrela considera esaxeradas as cautelas de xestión que existen na Universidade.

O Sr. Santamaría bota en falta o cadro de financiamento así como máis información sobre convenios e sobre persoal. Opina que hai que mellorar os aspectos técnicos do día a día. Di que como administración pública temos dereito a que se nos den ferramentas legais que debemos esixir dos poderes públicos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión as 14:00 horas, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co V<sup>a</sup> e Pr. do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo